

**PROXECTO DE INNOVACIÓN  
EDUCATIVA**

**ASPIRAMOS A SER  
SIMPLEMENTE UN PARAÍSO  
LINGÜÍSTICO**

**CURSO 2015-1016-**

**IES FÉLIX MURIEL**

**RIANXO**

## ÍNDICE

Contextualización e xustificación do proxecto a partir da situación sociolingüística de partida do centro. ....	3
Situación sociolingüística de partida .....	4
Por que razón este proxecto é necesario para solventar a situación sociolingüística do centro .....	6
Obxectivos que se pretenden alcanzar .....	8
Actividades .....	10
Recursos humanos e materiais.....	12
Membros do EDLG .....	12
Colaboracións .....	17
Plan de avaliación.....	17
Medidas de difusión do proxecto .....	18
Orzamento .....	18

## Contextualización e xustificación do proxecto a partir da situación sociolingüística de partida do centro.

O proxecto que presentamos é o conxunto da programación do Equipo de normalización e dinamización lingüística do IES Félix Muriel, único centro de Educación Secundaria do concello, localizado na vila de Rianxo.

Titulámolo “Aspiramos a ser simplemente un paraíso lingüístico” facéndonos eco da frase de Castelao: “Aspiramos a que Galicia sexa simplemente un paraíso” que este ano tivo un eco importante no noso centro, tal e como se explicará abaixo.

O centro conta cos seguintes **niveis educativos**: ESO, Bacharelato, ciclo formativo (medio, rama Atención á comunidade). A **procedencia do alumnado** é do concello de Rianxo na ESO E BAC., e de varios concellos da comarca da Arousa Norte para o ciclo. Dos algo máis de cincocentos alumnos e alumnas, este curso só contamos con dous alumnos de procedencia brasileira que xa levan tres e catro anos integrados no IES.

A maioría do alumnado accede ao centro en autobús escolar (poboación dispersa polas diferentes parroquias).

**En canto ao profesorado**, destaca un cadro de persoal bastante estable cunha porcentaxe mínima residente na vila e cunha maioría que viaxa desde localidades limítrofes (por orde de procedencia: Santiago, Boiro, Noia e Vilagarcía). O nivel sociocultural do alumnado é medio e medio-baixo

O centro está conformado por dous edificios, un denominado “anexo” (no que están 1º e 2º ESO) e outro chamado “principal” no que está o resto da oferta educativa e mais todas as dependencias administrativas. Esta organización do centro condiciona a realización de determinadas actividades que se teñen que duplicar nos dous edificios, sobre todo en canto a cartelería.

**Outros datos de interese:**

- Non existe servizo de normalización lingüística no concello de Rianxo mais si unha Concellaría de Educación, cultura e normalización lingüística coa que temos relación directa.
- O concello non forma parte da Rede de dinamización lingüística.
- O centro forma parte activa da Coordinadora de Equipos de normalización e dinamización lingüística do Barbanza.

### **Situación sociolingüística de partida**

A primeira enquisa sociolingüística que se desenvolveu no IES Félix Muriel foi no curso 2002-2003. Desde aquela ata este curso 2015-2016 hai constantes que se manteñen, seguimos sendo un centro cun alumnado maioritariamente galegofalante e situado nun contexto coas mesmas características. Mais nestes nos últimos anos percíbese unha enorme castelanización que se detecta no alumnado que comeza en 1º da ESO e mais en todo aquel que chega de centros de concellos limítrofes, sobre todo de Boiro. As enquisas sociolingüísticas realizadas entre todo o alumnado de 1º ESO deixan datos alarmantes en canto á perda de galegofalantes iniciais e tamén á perda de galegofalantes habituais.

A continuación detallamos os diferentes aspectos:

#### **– O contorno sociolingüístico do centro**

Galegofalante na súa maioría, cunha poboación diglósica con moitos prexuízos cara á lingua propia. Destaca a desgaleguización que está sufrindo o concello nos últimos anos, xa que cada vez é máis a xente nova que xa non fala en galego habitualmente, froito dunha fenda na transmisión da lingua interxeracional que se comezou a producir hai pouco máis dunha década. Tamén atopamos nais e pais que só lle falan castelán aos fillos, nuns casos porque xa é a súa lingua habitual (os menos) e noutros casos porque deixan de transmitírllela aos seus descendentes (os máis).

#### **– A situación do profesorado**

O cadro de persoal do profesorado variou bastante nos últimos anos e aumentou considerablemente o número de docentes castelanfalantes. Neste curso comeza unha profesora nova de relixión, monolingüe en castelán e que se suma a outro profesor que chegou novo de tecnoloxía o curso pasado tamén monolingüe en castelán. Perdemos un profesor monolingüe en galego que se xubilou e que non foi substituído e a docente que cobre a baixa por enfermidade da profesora de francés, falante habitual de galego, tamén é monolingüe en castelán. Castelanfalante pero con usos bilingües é a nova profesora de bioloxía, chegada con destino definitivo ao centro.

A xeito de resumo, unha porcentaxe importante do profesorado (arredor do 80%) é castelanfalante, mais no centro só un 55% se mantén monolingüe en castelán, o resto emprega o galego ás veces para dirixirse a profesorado e alumnado galegofalante.

Existe un 20% que emprega o galego sempre ou maioritariamente no centro, tanto nas comunicacións orais coma escritas. Desta porcentaxe un 20% declárase bilingüe, sendo o castelán a súa lingua de comunicación habitual fóra do centro (coa familia, amizades...).

Desde a aplicación do Decreto 79/2010 o emprego do castelán nas aulas de matemáticas, física e química, tecnoloxía e educación física (onde antes non era habitual) fixo que aumentase tamén nas relacións co profesorado destas materias fóra das aulas.

Destaca tamén como aumentou o uso do castelán na relación do profesorado coas familias.

#### **– A situación do alumnado**

**Maioritariamente galegofalante** cun índice de **castelanización** cada vez máis elevado nos cursos baixos que se percibe sobre todo nos tres últimos anos. O número de monolingües en castelán aumentou de maneira alarmante, tanto porque cada vez entran no centro en 1º de ESO máis nenos e nenas que teñen como lingua materna o castelán, como porque se manteñen con usos monolingües durante todo o tempo que están no IES, e ademais fan que o alumnado que ten o galego como lingua materna empregue sistematicamente o castelán para interactuar con eles. De feito, atopamos na ESO, por primeira vez, alumnado nacido en Rianxo, sen competencia mínima en

galego. Apenas temos alumnado inmigrante, redúcese a dous nenos de orixe hispanoamericana, tres nenos brasileiros e dous de raza xitana chegados de Valladolid este pasado mes de novembro.

Consideración á parte ten o ciclo formativo (da rama de atención á comunidade) que se imparte no centro que, dado que é único na comarca, acolle alumnado dos concellos limítrofes do Barbanza-Arousa-Norte (Boiro, Pobra e Ribeira), moito máis castelanzados, polo que a súa lingua habitual é en grande medida o castelán. Tamén hai alumnado galegofalante, residente no concello rianxeiro, pero boa parte del leva fóra do sistema educativo varios anos. Todo isto deriva en que o emprego do castelán nas dúas aulas do ciclo é proporcionalmente superior ao do galego.

Por outra banda, a baixa consideración da lingua propia que teñen os rianxeiros en xeral fai que os que empregan o galego como lingua coloquial no seu contorno, usen o castelán como lingua do rexistro culto e como lingua habitual cando saen fóra da súa localidade, xa que a presión ambiental axuda á desgaleguización do alumnado.

Na enquisa elaborada para o plan lector detectouse unha preferencia moi alta pola lectura en castelán a todos os niveis.

#### **– A situación lingüística do centro**

En xeral falamos dun centro onde o galego ten bastante presenza nos rexistros coloquiais entre toda a comunidade educativa. O persoal non docente emprega esta lingua de xeito maioritario para atender o teléfono e para a redacción da documentación administrativa. A rotulación do edificio está tamén en galego.

#### **Por que razón este proxecto é necesario para solventar a situación sociolingüística do centro**

Debido a que non é nada doado desenvolver un labor para eliminar prexuízos lingüísticos e afianzar falantes, consideramos que o proxecto do EDLG, que ten xustamente este entre os seus obxectivos principais, é o instrumento adecuado para mellorar a situación sociolingüística do centro. Así se recolle no Proxecto Lingüístico de

Centro (PLC), aprobado polo Consello Escolar. De feito, as accións acordadas no PLC para promover o galego no centro son todas as actividades que se deseñan e se implementan desde o EDLG.

Ademais, un proxecto que incide de maneira transversal nos prexuízos existentes entre os galegofalantes só se pode coordinar –nun centro das características do Félix Muriel– desde o Equipo de dinamización da lingua galega, onde se aglutina un número importante do profesorado que xa ten experimentado unha dinámica importante de traballo en grupo desde hai moitos anos (o 60% do profesorado do EDLG leva 10 ou máis anos traballando en conxunto).

Participamos ademais na posta en marcha e o desenvolvemento do Tratamento integrado de linguas, no que participa profesorado que non é do EDLG pero que vai formar parte dunha actividade que será froito do desenvolvemento dun proxecto común (vid. actividade 17)

Este proxecto adáptase á unha forma de funcionar xa establecida desde hai anos e que permite asegurar o desenvolvemento dun número moi elevado de actividades e diversas accións de índole moi diferente, sempre consensuadas con todos os membros do Equipo. O alumnado, o profesorado e os membros do persoal non docente do ENDL son un **equipo** e como tal funcionan. Para iso hai que xuntarse en horario non lectivo e nel desenvolver a practicamente todas as súas actividades. Reunímonos durante os recreos e os luns ao mediodía (xa que temos clase pola tarde) pero aínda así nunca coincidimos todos (gardas, atención a familias ou extensión de titorías con alumnado...) o que nos levou a acudir ás novas tecnoloxías para resolvelo: un **grupo de correo de gmail** de todo o profesorado a través do que nos comunicamos para ir vendo, desde propostas para implementar determinadas actividades, ata a revisión da programación trimestral, pasando por todos os arquivos de proba de calquera actividade. Empregamos tamén o drive para compartir documentos de texto nos que todos temos que engadir ou puntualizar calquera cuestión, para subir arquivos (texto, audio, vídeo...) cos que queiramos traballar varios, etc. Para resolver cuestións máis puntuais, dar avisos ou compartir fotografías de actividades empregamos **grupos de whatsapp**, un exclusivo do profesorado e outro con alumnado.

Para as comunicacións co alumnado empregamos o correo electrónico do equipo que xa foi creado en 2006, de aí que o enderezo sexa [enl.felixmuriel@gmail.com](mailto:enl.felixmuriel@gmail.com). Nel temos

tamén un grupo para o alumnado que asiste ás reunións e que está máis próximo á toma de decisións. O alumnado que está na actividade da radio (Activ. 2) creou o seu propio correo [radio.rianxo.FM@gmail.com](mailto:radio.rianxo.FM@gmail.com) para centralizar as comunicacións arredor deste proxecto e compartir todos os materiais nun **drive**.

Polo tanto, a implicación dun número moi importante de membros da comunidade educativa no desenvolvemento directo deste proxecto, consideramos que é un elemento clave para garantir o seu éxito.

## Obxectivos que se pretenden alcanzar

### A longo prazo:

- 1- Mellorar as actitudes cara á lingua propia en toda a comunidade educativa.
  - a. Concienciar a alumnado, profesorado e familias galegofalantes de non abandonaren a lingua fóra do seu contexto habitual, con persoas que entendan o galego.
  - b. Eliminar prexuizos comúns na comunidade educativa rianxeira: “falan mal galego”, “o galego é de aldea, bruto”; “falando galego non teñen futuro”, etc.
- 2- Fomentar o uso do rexistro formal do galego.
- 3- Promover o orgullo dos galegofalantes pola propia lingua

### A curto prazo:

- 4- Fomentar o uso do galego oral en todos os contextos
- 5- Crear espazos de uso para os castelanfalantes, minoritarios, pero que van en aumento.
- 6- Provocar a reflexión entre o alumnado e profesorado sobre os propios usos diglósicos para posteriormente mudalos.
- 7- Promover a lectura en lingua galega entre toda a comunidade educativa
- 8- Difundir a cultura galega en todas as súas manifestacións: artes plásticas, festas tradicionais, música, literatura, cinema...
- 9- Promover o galego a través da proxección do mundo lusófono.



- 10- Levar o galego ás actividades máis comúns do mundo adolescente
- 11- Espertar o interese pola riqueza inmaterial existente na tradición oral familiar
- 12- Enganchar o alumnado no propio proceso de normalización do galego a través de actividades e accións nas que se sinta cómodo.
- 13- Fomentar a reflexión sociolingüística xeral
- 14- Levar o galego ás novas tecnoloxías: revista dixital, blog, páxina web, redes sociais...
- 15- Poñer en marcha a Radio escolar e manter as plataformas web existentes.
- 16- Manter contacto continuo coa sociedade rianxeira a través de diferentes foros nas distintas actividades.

### **Formulación dos procesos de mellora do proceso de ensino-aprendizaxe**

No IES Félix Muriel consideramos que o proceso de ensino-aprendizaxe ten que ser activo, non pode seguir mantendo esquemas do século XIX nos que o alumnado é un obxecto pasivo que recibe información dun corpo docente que busca que simplemente que aquel reproduza contidos. Tamén consideramos que o IES é un centro educativo no que o alumnado ten que recibir unha formación integral tanto dentro das aulas como fóra delas, por iso o Equipo de normalización é un motor de actividades complementarias e extracurriculares que complementan e afianzan cuestións que tamén se aprenden a través do currículo. Cunha metodoloxía que aplicamos boa parte do profesorado na aula, pero tamén fóra dela, consideramos que estamos no camiño de avanzar na normalización lingüística do noso centro, seguindo o pautado no PLC.

## Actividades

O número de actividades que organizamos no EDLG é moi elevado. De feito xuntamos no Anexo 2 todas e cada unha delas ben explicadas por non haber espazo neste documento. Alí indicamos os seus respectivos tempos e orzamento. Este espazo aproveitámolo para indicar as características globais das actividades, así como o xeito en que se concibiron:

1. As actividades están integradas no Proxecto Educativo de Centro (PLC) de xeito xeral e particularmente no presente curso académico no que se acordou traballar o tema do mar. (vid. en anexo actividades....)

E tal e como se recolle nas NOF, o centro vaise implicar na normalización da lingua galega, incidindo sobre todo na eliminación de prexuizos, na dignificación da lingua propia e na extensión do seu uso a todos os ámbitos ocupados pola diglosia na actualidade. Así se recolle tamén no PLC, sendo este proxecto a forma que se acordou para implementar o descrito no devandito documento.

2. As actividades sempre teñen carácter innovador, sobre todo pola metodoloxía empregada. Sen que todas elas sexan actividades novidosas por nunca feitas, teñen sempre un punto de innovación. Por exemplo, o desenvolvemento da revista dixital (activ.1), conta este ano coa incorporación de xogos en LIM do vocabulario do mar. Mais a innovación procúrase tamén, e sobre todo, na metodoloxía empregada para desenvolve-las. Aí destaca tanto a organización como a presentación final ou a posta en escena. Tamén se busca que na difusión que se lles fai a todas as actividades se vexa o carácter dinámico e innovador do proxecto que se está a desenvolver.
3. Contribúen basicamente á eliminación dos prexuizos lingüísticos, tal e como se describen nos obxectivos particulares de todas as actividades. Desde a actividade 0.1 destinada a que as familias entendan o que significa un EDLG e en que pode axudar a mellorar a formación dos seus fillos e fillas, ata a actividade 18 na que se procura xa unha reflexión con pronunciamento de cambio do alumnado de 2º de Bacharelato, en todas e cada unha das actividades hai, en maior ou menor medida,

unha intención de mellorar o imaxinario que a comunidade educativa ten do galego. Hai actividades, como a 4: Campaña “fáloche porque me entendes”, que teñen como obxectivo central e primordial precisamente a mudanza dun prexuízo concreto, pero outras, como as homenaxes a Castelao e a Manuel María, levan implícito a dignificación do idioma a partir do coñecemento de persoeiros

4. Fomentan o uso da lingua no alumnado en contextos e ámbitos diferentes aos que os destinatarios usan normalmente. Se partimos de que este alumnado emprega o galego maioritariamente en contextos coloquiais e ámbitos familiares e facendo uso da súa variante dialectal, cómpre realizar actividades nas que teñan que empregar o galego estándar, ben de maneira escrita (como na activ. 1 que os obriga a escribir textos en rexistro culto), ben de maneira oral (activ. 2, que os obriga a escribir, pero sobre todo a falar en galego nun rexistro coidado). Mais hai un bo número de actividades destinadas a cubrir este obxectivo, como son: activ.3.1 e activ. 5.3. xa que se promove que escriban textos en galego estándar; activ. 5.5 que incide nun léxico dun contexto determinado (o Nadal) e que se estende cara o mundo comercial (agasallos en galego); activ. 6 porque os sitúa no ámbito da música que, para a maioría só existe en castelán e inglés; activ. 7 que incide nas relacións máis íntimas; activ. 9 que pretende xestionar as relacións con persoas descoñecidas da súa idade; activ. 12 que busca achegar o galego ao mundo científico; ou a activ. 13 que busca normalizar o ámbito do audiovisual.
5. As actividades examínanse co alumnado do ENDL para ver se poderían ser do seu interese. Desde a radio escolar (activ.2 ), cuns contidos que eles decidiron e que se expoñen no anexo, ata a música que escollen para o Music-Gal ( act. 6.2), pasando polo conxunto das actividades 3, 4, 5.5, 7, 9 ou 10.

O conxunto das actividades presentadas ocupa todo o curso académico, polo que algunhas delas xa se realizaron no momento de pechar este proxecto, outras están en marcha e só están dando os primeiros pasos as actividades 8, 9, 11 e 15. Tal e como se ve no Anexo 2, son accións que teñen que desenvolverse no 2º e 3º trimestre, ou ben só no 3º e aínda que xa se fixeron algúns trámites e preparativos para poñer a andar cada unha delas, aínda lles falta algo –a unhas máis ca outras- para botarse a rodar.

Cada unha das actividades tamén está orzamentada e o total acada un custo moi elevado. De feito, as actividades 8 (Galego e lusofonía), 9 (intercambio) e 11.4 (caderno de Manuel María), así como parte da edición da actividade 16 vanse resentir de non conseguir o financiamento para o que concorremos con este proxecto.

## Recursos humanos e materiais

O centro conta con recursos humanos suficientes para desenvolver o proxecto, xa que ademais do profesorado que aparece nomeado no abaixo hai un grupo docente de apoio que se presta para desenvolver boa parte das actividades que se lle propoñen.

Ademais este proxecto conta cun grupo de profesores e profesoras que nunca formaron parte do EDLG pero que están a participar no grupo de Traballo por Proxectos e mais na elaboración do TIL (Tratamento Integrado de Linguas).

En canto aos recursos materiais, cómpre comentar que todos os que o centro ofrece (ordenadores, canóns, conexións a internet, micrófonos con gravadora, cámaras...) están a disposición do proxecto. Con todo é preciso comprar novos materiais, como por exemplo micros e mesa de mezclas para resolver axeitadamente a actividade da radio (act. 2). Así mesmo precisamos editar en imprenta numerosos materiais de cartelería en plóter e color (act.4.1; act. 5.5; act. 6.1 e 6.2; act.7, act.10.2; act.10.3, trípticos (act. 9) e cadernos (act. 11.4).

### **Membros do EDLG**

#### **PROFESORADO que integra o Equipo**

A continuación indícase o profesorado que integra o EDLG. Márcase con \* aqueles membros que pediron só colaborar en cuestións puntuais e ocasionais por dificultades de diferente índole (maioritariamente persoais ou de carga excesiva de traballo)

Ademais das horas de redución da coordinadora, tamén contan cunha hora semanal dedicada ao EDLG: Xabier Vázquez Parceros e María C. Rodríguez Varela.

**Nome.....Departamento**

Bretal, M <sup>a</sup> Dolores.....	Música
*De Jesús Cimadevila, Carlos.....	Historia
Ferreiro, Paula.....	Tecnoloxía
Formoso, Valentina.....	Lingua galega
Gamarra, Josefa.....	Física
Losada, Emilio.....	Educación física
*Míguez, María S.....	Lingua castelá
*Martínez, Alfonso.....	Ed. Plástica
*Muñiz, Ana Inés.....	Cs. naturais-bioloxía
Plaza Sixto, M <sup>a</sup> Paz.....	Lingua galega
Rama, Sofía.....	Lingua galega
Rodríguez, María C.....	Lingua castelá
Vázquez, Carmen.....	Inglés
Vázquez, Xabier.....	Lingua castelá
Veiga, Ramón.....	Matemáticas

Profesorado de fóra do EDLG que participa en TIL e/ou no Traballo por Proxectos e que, polo tanto, vai participar no desenvolvemento da actividade 18:

Saenz Belin, M <sup>a</sup> Luísa.....	Inglés
Suárez Redondo, Rosa.....	Inglés
Ramil Millarengo, Luís.....	Historia
Ortigueira Duro, Sonia.....	Lingua castelá
Rilo, Juan.....	Lingua castelá
Figueiras Lestón, Dolores.....	Francés

En canto ás funcións que desenvolve o resto do profesorado, participa todo en todas as actividades que se programan, exceptuando aquel que aparece marcado con \* que colabora en actividades puntuais, que son as seguintes:

\*De Jesús Cimadevila, Carlos (actividade 1.3, actividade 10.3)

\*Míguez, María S. (Actividades 5.11, 6.3, 6.4, )

\*Martínez, Alfonso (actividade 11)

\*Muñiz, Ana Inés (actividade 10.2, actividade 12, actividade 15)

## ALUMNADO que integra o EDLG

O alumnado é **ELEMENTO ACTIVO** do ENDLG. O labor básico do alumnado no ENDLG faise fóra das horas de aulas, durante os recreos ou nas súas casas. As tarefas de aula non engrosan as accións do Proxecto de fomento do galego. O noso IES sempre considerou que a normalización da lingua, para que sexa efectiva, ten que realizarse desde a implicación máis básica de todos os elementos da comunidade educativa, nomeadamente desde o alumnado que leva consigo o futuro da nosa lingua.

Nomeamos aquí os integrantes do EDLG, mais as actividades implican a **TODO O ALUMNADO DO CENTRO**

	APELIDOS	NOME	CURSO	GRUPO
1	Aido Rey	Brais	2º	B
2	Alcade Lorenzo	Nuria	2ºEso	B
3	Castiñeiras Figueiras	Uxia	1º eso	C
4	Alcalde Lorenzo	Alexia	2ºESO	B
5	Alcalde Vicente	Uxia	1º eso	A
6	Barreiro Collazo	Xiana	4ºESO	B
7	Barros Ces	Aida	4ºEso	B
8	Bravo Rodríguez	Marco	1ºESO	C
9	Buelta Otero	Estefanía	1º eso	A
10	Buelta Otero	Elio	2º ESO	B
11	Caamaño Villanustre	paula	1º Eso	D
12	Cambeses Franco	Paula	4ºEso	A
13	Carou González	Cinthia	2ºBach	A
14	Carou González	Yovana	2ºESO	A
15	Carou Ordóñez	Antía	2ºBach	A
16	Castaño Rodríguez	Xián	1º ESO	a
17	Castiñeiras Figueira	Uxía	1º eso	C
18	CERQUEIRAS SOUTO	Sandra	2º eso	B
19	Cespón Gey	Gloria	1ºEso	B
20	Chaves Gómez	Adrián	2ºESO	C
21	Coira perez	Diego	1º ESO	B
22	Conde Iglesias	Laura	1ºBach	A
23	Custodia Moreiras	Christian	3ºEso	B
24	Delgado Mariño	Sarai	1ºBach	B

25	Díaz Pedreira	Alex	1º eso	a
26	Domínguez	Nuria	4º ESO	A
27	Domínguez Pérez	María	2ºBach	B
28	Domínguez Picón	María	1º Bach	A
29	Figueira Núñez	Ana	2eso	C
30	Figueira Núñez	Gabriel	3ºEso	B
31	Fungueiriño Bandín	María	4ºESO	B
32	García alcalde	Sara	1ºbach	A
33	Gomez Rial	Sergio	1º eso	a
34	González Santiago	Álvaro	1º ESO	B
35	Grela	Nerea	2ºBach	A
36	Hermida Figueira	Ángela	4ºESO	C
37	iglesias rivas	paula	1ºESO	D
38	Iglesias Rodríguez	Andrea	2ºBach	B
39	Lojo Tubio	Katia	1º eso	c
40	Lorenzo Rodríguez	María	1º ESO	A
41	Mariño Bravo	Jesús José	3ºEso	B
42	Martínez Figueira	Noelia	2º Bach	A
43	Miguéns Miguéns	Desirée	1º ESO	A
44	Mirón Vicente	Gloria	3ºEso	A
45	Moares Gonzalez	Rita	1ºESO	D
46	Mosquera García	Ricardo	2º	B
47	Muñíos Rodríguez	Aldara	2ºBach	B
48	Muñíos Rodríguez	Bernal	4º ESO	B
49	muñiz iglesias	Laura	1ºeso	b
50	Muñiz Lorenzo	Samuel	1º eso	a
51	Ordóñez Castro	Paula	3ºEso	A
52	Ordoñez Muñiz	Javier	2º	B
53	Ordóñez Muñiz	Fátima	1ºBach	A
54	Otero Figueira	Yaiza	1ºBACH	B
55	Otero Mosquera	Javier	4º ESO	B
56	Patiño Yáñez	Ainhoa	1º ESO	B
57	Pereira Suárez	Victoria	4º ESO	C
58	Pose Ordóñez	Tania	1ºBach	B
59	Refojo Otero	Andrea	1ºbach	A
60	Rial Varela	Christian	1º ESO	b
61	Robles Ferruelo	Amanda	1º eso	A
62	Rodríguez García	Joel	1º eso	a
63	Romero Blanco	Laura	4ºEso	B
64	Somoza Tubío	Sergio	2ºESO	C
65	Sóñora Rodriguez	Brais	1º ESO	b
66	Torres Bello	Noemí	1º eso	b
67	Torres Bustelo	Adrián	3ºEso	B
68	Tubío Calvo	Paula	1º ESO	A
69	Tubío Rial	Sara	3ºEso	A
70	Tubío Rodríguez	Aldara	2º Bach	B
71	Tubio Tarrío	Lara	1º eso	c
72	Vázquez Abuín	Alba	1ºESO	C

73	Vázquez Silva	Adriana	1º ESO	B
74	Vicente Muñiz	Alba	4ºEso	A
75	Villanustre Becerra	Sara	1ºESO	A
76	Villanustre Becerra	MARIA	2º ESO	B
77	Villanustre Otero	Dunia	2ºESO	E
78	Xu	Xiyang	4ºEso	B



## Colaboracións

Dentro do centro educativo, ademais do profesorado implicado, podemos contar coa colaboración da biblioteca do centro, fundamentalmente da súa coordinadora pero tamén do grupo de traballo que forma parte, sendo un dos membros tamén formante do EDLG. Tamén se presenta como colaboración necesaria o persoal da cafetería por concentrar alí diariamente a toda a comunidade educativa, fundamentalmente alumnado e profesorado.

Fóra do centro, contamos coa colaboración, puntual pero xa de moitos anos, dos centros de ensino de primaria, para as actividades (meter número),

Tamén colaboramos coas Concellaría de cultura, educación e normalización lingüística por un lado e coa Concellaría de Turismo, por outro. Determinadas actividades realízanse en contacto coas diferentes asociacións deportivas, culturais e empresariais, tal e como se pode ver na descrición das diferentes accións no Anexo de actividades.

## Plan de avaliación

Sabemos que as actitudes non se mudan dunha hora para a outra e resulta moi difícil de medir a súa evolución nun período curto de tempo, por iso realizamos actividades plurianuais que nos permitan detectar algunha mudanza no alumnado que bota varios anos no centro, no profesorado, nas familias e mesmo na sociedade rianxeira. Todo o profesorado do EDLG das diferentes materias fai observación nas aulas e provoca moitas veces para comprobar a reacción cara a determinados prexuízos que buscamos corrixir. Por exemplo: “Se vos falan castelán, en que tendes que contestar?”

Con todo, queremos sinalar que todas as actividades se van avaliando conforme se van facendo. Nas reunións dos luns tráense os comentarios recollidos por profesorado e alumnado do EDLG, tanto na sala do profesorado coma nas aulas arredor de cada acción presentada ou realizada durante a semana anterior. Desta maneira sabemos se aquelas actividades que teñen presenza física e mesmo ocupan espazo, aquelas que requiren a participación activa e puntual da comunidade educativa, gustaron moito ou pouco e se se lle fan críticas positivas ou negativas. A pintura dos azulexos (act. 10.1), o photocall co apalpador (activ. 5.5), ou o da Campaña (activ.4), o reparto dos

pensamentos de Castelao (activ. 10.2 ) foron accións que xa realizamos e que resultaron moi ben acollidas. Sabémolo tanto polas felicitacións que se nos fan como pola participación xeral nos eventos.

Tamén facemos a propia reflexión do proceso interno, para comprobar se o tempo e as enerxías empregadas compensaron o resultado esperado.

Todo isto é o que nos leva a manter actividades e accións no tempo, a varialas ou ben a eliminalas da programación.

### **Medidas de difusión do proxecto**

O proxecto difúndese entre toda a comunidade educativa desde o Consello escolar e claustro de principio de curso, onde se dá conta das accións de promoción da lingua galega que se inclúen no PLC.

Por outra banda, envíanse tamén nos primeiros días de setembro información ás familias e ao alumnado novo no centro (vid. Actividade 0) da totalidade das accións que están programadas.

Cada acción que se comeza a desenvolver anúnciase nos taboleiros e/ou nas aulas segundo proceda, ademais de enviar información ás casas cando se require participación ou colaboración das mesmas.

Ao mesmo tempo emprégase cartellaría vistosa na entrada do centro para anunciar ou avisar de accións que se van desenvolver.

Realizouse unha reunión presencial coa Concelleira de educación, xuventude e normalización lingüística no IES, coa que se mantén contacto tamén por teléfono e correo electrónico. Igualmente por correo se efectúa comunicación co alcalde e coa concelleiras de turismo e coa de igualdade.

Tamén enviamos notas de prensa coas actividades que consideramos de máis interese público para que se fagan éco os medios de masa.

### **Orzamento**

O orzamento aparece indicado á par de cada actividade no Anexo 2, mais tamén esquematizada no Anexo 3-2. A cantidade de diñeiro total orzamentada é de 6755€

Rianxo, 11 de febreiro de 2016